



**ACTA DE APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DA MESA CELEBRADA EN DATA 19/09/2024, ANÁLISE DO INFORME EMITIDO POLO DIRECTOR XERAL DA ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, PROXECTOS E OBRAS SOBRE XUSTIFICACIÓN DAS OFERTAS CON PRESUNCIÓN DE VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS, VALORACIÓN DAS OFERTAS CORRESPONDENTES AO SOBRE ELECTRÓNICO B (CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULAS) E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.**

**EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: 2024/ABS/000006**

**SERVIZO DE COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE, E PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS, NAS OBRAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DESENVOLTAS POLA OTMAIES**

**ACTO:** Proceder á aprobación da acta da sesión da Mesa celebrada en data 19/09/2024, ao análise do informe emitido polo Director Xeral da área de Medio Ambiente, Proxectos e Obras sobre xustificación das ofertas con presunción de valores anormais ou desproporcionados, valoración das ofertas correspondentes ao sobre electrónico B (criterios avaliáveis a través de fórmulas) e proposta de adxudicación.

**ÓRGANO QUE SE REÚNE:** Mesa de Contratación.

**DÍA:** 02/10/2024

**LUGAR:** Segundo andar do Edificio Municipal sito en Michelena 30

**HORA DE INICIO:** 09:34 horas.

**HORA DE FIN:** 09:54 horas

No expediente mencionado na parte superior desta acta e no lugar, día e hora indicados, comparecen as persoas que de seguido se relacionan co obxecto de proceder á realización do acto mencionado no expediente de contratación indicado.

**ASISTENTES:**

<b>PRESIDENTE:</b> Concelleiro da área legal e económica	D. Raimundo González Carballo
<b>SECRETARIO:</b>	D. José Francisco González Neira (Xefe do Servizo de Contratación).
<b>VOGAIS:</b>	Dona Mónica Aldao Cid (Xefa do Servizo de Intervención, en funcións de Interventora Xeral Municipal).  D. José Antonio García Mon (Director da Asesoría Xurídica).  D. Jesús Gómez Viñas (Director Xeral da área de Medio Ambiente, Proxectos e Obras).





Aberta a sesión polo Sr. Presidente procédese, como primeiro punto da orde do día, á aprobación, por unanimidade, da acta correspondente á sesión celebrada pola Mesa en data 19/09/2024.

A continuación, a secretaría da Mesa da conta da documentación achegada pola empresa INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L. (NIF: B85872422), requirida para que xustifique a súa oferta que está incursa en valores anormais ou desproporcionadas, así como do informe emitido polo Director Xeral da área de Medio Ambiente, Proxectos e Obras sobre a xustificación que presentou a entidade requirida e valoración das ofertas formuladas polas empresas admitidas contidas no sobre B (criterios avaliados automaticamente por aplicación de fórmulas) a este proceso de licitación.

Os membros da Mesa de contratación, logo de estudar o informe mencionado, por unanimidade, ACORDAN:

Primeiro.- Aceptar o informe do Director Xeral da área de Medio Ambiente, Proxectos e Obras emitido no expediente de contratación mencionado anteriormente, nos que se analiza a xustificación achegada pola empresa que presenta valores anormais ou desproporcionados.

Segundo.- Considerar, de conformidade co informe técnico anterior, que a oferta da entidade INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD, S.L. non pode ser cumprida ao presentar valores anormais ou desproporcionados polos motivos expostos neste informe que se asumen, e en consecuencia propoñer ao órgano de contratación, que exclúa a esa entidade da clasificación deste procedemento de contratación.

Terceiro.- Aceptar e asumir as puntuacións reflectidas no informe técnico obrante no expediente nos que se valoran as ofertas das empresas e que foron aceptados por esta Mesa de Contratación e, en consecuencia, outorgarlle ás empresas admitidas como puntuación polas ofertas as que constan no devandito informe.

Así mesmo, a mesa de contratación, ACORDA:

Primeiro.- De conformidade co informe técnico de valoración que consta no expediente das ofertas contidas no sobre electrónico B (criterios avaliados automaticamente por aplicación de fórmulas), cuxas puntuacións asumiu a mesa de contratación, asignar as puntuacións seguintes ás entidades admitidas a este procedemento cuxas ofertas non foron rexeitadas:

EMPRESAS	OFERTA	ESS EBSS	COORDINACIÓN	SEGURO RC	REXIST COORD	TOTAL
AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L.	45,00	10,00	10,00	5,00	10,00	<b>80,00</b>
ATENEA, S.A.U.	60,00	10,00	10,00	10,00	10,00	<b>100,00</b>
FACILITA INGENIERÍA, S.L.	38,40	10,00	10,00	10,00	5,00	<b>73,40</b>
INCOPE CONSULTORES, S.L.	53,33	10,00	10,00	5,00	10,00	<b>88,33</b>
INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	48,00	10,00	10,00	10,00	10,00	<b>88,00</b>
PREVISONOR, S.L.	58,90	10,00	10,00	10,00	10,00	<b>98,90</b>
SEGURINCO, S.L.	54,34	10,00	10,00	5,00	10,00	<b>89,34</b>
TEPRIL, S.L.	41,14	10,00	10,00	10,00	10,00	<b>81,14</b>
TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A.	44,31	10,00	10,00	10,00	10,00	<b>84,31</b>

Segundo.- De conformidade coas puntuacións asignadas, acórdase clasificar ás empresa pola seguinte orde, conforme ás ofertas presentadas:

1. ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A.U.
2. PREVISONOR, S.L.
3. SEGURINCO, S.L.
4. INCOPE CONSULTORES, S.L.





5. INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.
6. TÉCNICA Y PROYECTOS, S.A.
7. TEPRIL, S.L.
8. AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L.
9. FACILITA INGENIERÍA, S.L.

Terceiro.- Que se incorporen as ofertas presentadas ao expediente de contratación.

Cuarto.- Propor a adxudicación do contrato relativo ao expediente de contratación mencionado na cabeceira desta acta, á entidade que de seguido se relaciona, por ser a oferta con mellor relación calidade-prezo: ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (NIF: A82876905).

E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Presidente da por finalizado o acto mencionado anteriormente e levanta a sesión do que eu, como Secretario, dou fe.

